

opusdei.org

# Desenvolvemento do labor apostólico do Opus Dei en Galicia

26-02-2014

Dende La Estila, os membros da Obra realizaron as primeiras viaxes periódicas para atender o labor apostólico que se iniciaba nas principais cidades. No comezo dos anos sesenta ábrense centros en Vigo e A Coruña: posteriormente en Ourense, Ferrol, Pontevedra, Lugo, etc. En todas esas cidades hai membros do Opus Dei, mesmo que

noutras moitas cidades, vilas, pobos e aldeas da Comunidade Autónoma.

Ao Colexio Maior Universitario La Estila ([www.estila.org](http://www.estila.org)) sumáronse outras iniciativas como o Colexio Maior Arosa ( [www.cmarosa.org](http://www.cmarosa.org) ) tamén en Santiago de Compostela, o Centro de Estudos Superiores Aloya ([www.aloya.es](http://www.aloya.es)) en Vigo, ou as asociacións culturais Rueiro ( [www.rueiro.org](http://www.rueiro.org)) na Coruña, Albeiro ([www.albeiro.es](http://www.albeiro.es)) en Vigo, etc.

En 1983, membros do Opus Dei, coa axuda doutras persoas, promoveron en Vilanova de Arousa un Centro de Convivencias, Olbeira, onde, dende entón e de forma ininterrumpida, celébranse actividades de formación para grupos de persoas de idade e procedencia moi variada: retiros espirituais, cursos profesionais, ciclos de conferencias, xornadas

universitarias, convivencias de verán, etc.

Outra iniciativa apostólica levada adiante por membros da Obra é Montecelo, en San Pantaleón das Viñas (Paderne) onde, dende 1972, véñense celebrando campamentos de verán, acampadas, olimpíadas deportivas..., polas que pasaron máis de dez mil rapaces, da maior parte de Galicia. A raíz da utilización progresiva destas instalacións xurdiu a necesidade de rehabilitar o antigo Pazo de Montecelo, neses mesmos terreos, e que foi reconstruído en 1995 coa colaboración de institucións e de centos de familias galegas.

Aínda que o apostolado máis importante do Opus Dei é o que cada quen dos seus fieis realiza no medio do traballo cotián e das circunstancias habituais nas que se atopa, algúns dos seus membros promoven en Galicia -sempre baixo a

súa persoal responsabilidade e asociándose a outra persoas-variadas iniciativas de carácter asistencial, educativo, de promoción cultural e social, etc. Un exemplo diso son as Escolas Familiares Agrarias El Piñeiral, de Arzúa ([www.pineiral.es](http://www.pineiral.es)) e Fonteboa, de Coristanco ([www.efagalicia.org](http://www.efagalicia.org)), adicadas á formación profesional de mulleres e homes do medio rural. Nestas Escolas, que forman a Federación de EFAS de Galicia ([www.efagalicia.org](http://www.efagalicia.org)) milleiros de rapaces e rapazas galegas cursaron estudos de Formación Profesional Agraria -e agora de Secundaria- ao longo de vintecinco anos de actividade docente.

A través destas tarefas apostólicas que contan coa atención espiritual do Opus Dei, organízanse actividades diversas, dirixidas ao fomento da cultura e do deporte, asistenciais ou de promoción social, etc. Con estas

iniciativas, ademais de enriquecer as persoas que as levan a cabo, preténdese contribuir positivamente á resolución de problemas actuais que ten a sociedade. Como exemplo, cómpre citar o labor de voluntariado e solidariedade que desenvolve o Colexio Maior Arosa ou os campos de traballo que desde hai moitos anos promove o Colexio Maior La Estila. En A Coruña, é outro exemplo, a Asociación Rueiro organiza todos os anos a campaña ‘Ningún neno sen Reis’, que conta coa axuda e participación de numerosas persoas e institucións da cidade.

Outros membros do Opus Dei promoveron con colegas e amigos, durante estes anos, asociacións de carácter moi variado, adicadas ao voluntariado social, atención de anciáns e disminuídos, colaboración á educación de familias, etc. Todas esas iniciativas mostran o interese que

ten a Prelatura polos problemas  
sociais.

---

pdf | document generated  
automatically from [https://opusdei.org/  
gl-es/article/desenvolvimento-do-labor-  
apostolico-do-opus-dei-en-galicia/](https://opusdei.org/gl-es/article/desenvolvimento-do-labor-apostolico-do-opus-dei-en-galicia/)  
(31-03-2026)